

COLMEIRO, Elena

(Silleda. Pontevedra, 1932)

Filla do gran pintor Manuel Colmeiro, iniciou a súa formación na Arxentina, co profesor Fernando Arranz e sempre cerca do seu pai.

Dedicada á cerámica, en realidade a súa obra non é estritamente a dunha ceramista, senón a dunha escultora, creadora de formas rotundas, atrevidas, en materia que é obxecto de recubrimentos vidrados.

Logrou importantes premios, como o primeiro en Mar de Plata, en 1951; de honor no segundo Salón de Artes Plásticas da mesma cidade, en 1952; primeiro na Bienal de Arte de Uruguai, en 1966 e medalla de ouro na Exposición Internacional de Cerámica de Faenza, en 1967.

Foi bolseira en medios internacionais de Europa e a súa obra percorreu o mundo en exposicións oficiais organizadas por entidades españolas.

Está representada en museos de todo o mundo e entre eles, os de Galicia, con pezas de gran tamaño.

BIBLIOGRAFÍA

PABLOS, Francisco:
Plástica Gallega.
Vigo, 1981.

II Bienal de Artistas Gallegas.
Vigo, 1990.

Elena Colmeiro incorporou o espazo as súas pezas, de maneira que a oquedade é parte da súa escultura cerámica, con texturas rugosas e contrastes cromáticos de gran beleza e forza. Traballa o gres de gran lume e tódolos seus traballos posúen unha personalidade inconfundible.



182 SEN TÍTULO

179 SEN TÍTULO

70 x 49 x 23 cm. Refractorio e óxidos
nº inv. 1078

Peza constituída por unha base estreita, un corpo circular cun oco redondo no centro e un pescozo que acaba nunha boca aberta, como unha vasilla, sen máis función cá estética. O efecto é dunha forma abstracta que obriga a especular sobre o propósito da súa creación. A calidade da materia vese realzada polas tonalidades adquiridas durante o proceso de xestación, en gamma de marróns, ocre, verdes e azulados.

EXPOSICIÓNS:

"6ª Exposición de Plástica Gallega, Escultura" nas salas de exposicións Caixavigo, Vigo 1980.

REPRODUCCIÓNS:

"Plástica Gallega" Vigo 1981, p.53.

180 SEN TÍTULO

157 x 102 x 90 cm. Refractorio e óxidos
Base: 20 x 75 x 55 cm. Granito.
nº inv. 1008

Catro módulos de forma cóncava superpóñense aumentando e diminuíndo de tamaño cara a arriba, creando unha cavidade aberta, frontalmente, que á vez que integra o espazo, circúndao dentro da composición. O acabado formal da peza aumenta a súa calidade pola policromía que lle dan os óxidos.

181 SEN TÍTULO

60 x 30 x 30 cm. Refractorio e óxidos
nº inv. 1080

Estructura de eixe vertical, construída con tres pezas cóncavas superpostas de forma asimétrica, que conforman un feito escultórico dinámico, de superficie

rugosa cortada toscamente. A cor é a materia mesma con tonalidades grises e lilas.

EXPOSICIÓNS:

"Revisión dunha década 1978-88" itinerante, Santiago, Vigo, xuño e xullo de 1990; "Elena Colmeiro" Antoloxía do 3 de decembro de 1993 ó 9 de xaneiro de 1994, na sala de Exposicións do Centro Cultural Caixavigo.

REPRODUCCIÓNS:

"Revisión dunha década 1978-88" catálogo da Exposición, p. 47; "Elena Colmeiro" Catálogo da Antoloxía nº 30 da serie "Grandes Artistas Gallegos".

182 SEN TÍTULO

92 x 75 x 47 cm. Refractorio e óxidos
nº inv. 1079

A escultura cosnúese cun bloque base ó que se lle adhieren dúas pezas de eixe vertical que non chegan a xuntarse, que deixan que o espazo penetre entre elas constituíndo unha totalidade formal harmoniosa e equilibrada. Os perfís ondulados e a textura rugosa, danlle un aspecto de formación natural sobre a que actúa o aire e a luz que realza as calidades matéricas da obra.